

PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRADO MEDIO E SUPERIOR. CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Orde pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional do sistema educativo e se convocan para o ano 2022 (códigos de procedemento ED312C e ED312D).

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO (CÓDIGO DO PROCEDIMENTO ED312C)

Obxecto

Esta orde ten por obxecto a regulación das probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio (código de procedemento ED312C) de formación profesional no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, para o ano 2022.

A quen vai dirixido?

As probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio teñen por finalidade permitir ás persoas que non posúan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria nin un título profesional básico, nin outros estudos equivalentes para os efectos de acceso, continuar a súa formación accedendo aos ciclos formativos de formación profesional de grao medio, nunhas condicións suficientes para cursaren con aproveitamento estas ensinanzas.

Requisitos

Poderán participar na proba de acceso aos ciclos formativos de grao medio as persoas que non cumpran os requisitos académicos esixidos para acceder a eles e teñan dezasete anos ou os fagan no ano natural de celebración da proba..

Prazo

Desde o 03/03/2022 ata o 16/03/2022

Mais Información e orientación:

En todos os institutos de educación secundaria que impartan ciclos formativos de formación profesional e os centros integrados de formación profesional

[ORDEN de 17 de diciembre de 2021 por la que se regulan las pruebas de acceso a los ciclos formativos de grado medio y de grado superior de formación profesional del sistema educativo y se convocan para el año 2022 \(códigos de procedimiento ED312C\).](#) **DOG. 12 XANEIRO 2022.**

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220112/AnuncioG0598-171221-0001_es.pdf

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR (CÓDIGO DO PROCEDIMENTO

ED312)

Obxecto

Esta orde ten por obxecto a regulación das probas de acceso aos ciclos formativos de grao superior (código de procedemento ED312D) de formación profesional no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, para o ano 2022.

A quen vai dirixido?

As probas de acceso aos ciclos formativos de grao superior teñen por finalidade permitir ás persoas que non posúan o título de bacharelato nin un título de técnico de formación profesional, nin outros estudos equivalentes para os efectos de acceso, a posibilidade de continuar formándose en ciclos de formación profesional de grao superior, coa madureza e a idoneidade suficientes para cursaren con aproveitamento estas ensinanzas.

Requisitos

Poderán participar na proba de acceso aos ciclos formativos de grao superior as persoas que non cumpran os requisitos académicos esixidos para acceder a eles e teñan dezanove anos ou os fagan no ano de realización da proba.

Prazo:

Do 31/01/2022 ata o 11/02/2022

Mais Información e orientación

En todos os institutos de educación secundaria que impartan ciclos formativos de formación profesional e os centros integrados de formación profesional.

[ORDEN de 17 de diciembre de 2021 por la que se regulan las pruebas de acceso a los ciclos formativos de grado medio y de grado superior de formación profesional del sistema educativo y se convocan para el año 2022 \(códigos de procedimiento ED312D\).](#)

DOG. 12 XANEIRO 2022.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220112/AnuncioG0598-171221-0001_es.pdf